

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE FRADES PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NESE CONCELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Frades o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello para a realización de actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, que teñan por finalidade o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural de cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. En concreto, o presente convenio ten por obxecto a realización da/s seguinte/s actuación/s de mellora das infraestruturas turísticas: **Mellora da sinalización turística de Frades.**

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- O 19 de xaneiro de 2018 publicouse no DOG, núm. 14, a Resolución do 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria para o ano 2018, cun crédito total de 2.500.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 760.0, proxecto 2016 00002 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, de conformidade co disposto no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes que poderán implicar á subvención oportuna.

Por Resolución do 12 de marzo de 2018 (publicada no DOG, núm. 54, do 16 de marzo) faise pública a ampliación do crédito existente para a concesión das axudas, ampliación derivada de remanente doutra convocatoria financiada con cargo ao mesmo crédito. O importe inicial amplíase en 404.589,40 €, polo que o importe total destinado á subvención é de 2.904.589,40€.

O 25 de maio de 2018, ten lugar a reunión da comisión de valoración das solicitudes de subvención para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas para o estudo, análise e cualificación dos proxectos presentados, así como para a proposta de concesión de subvención ás entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, ou de selo caso, para a proposta de denegación.

Do resultado da valoración de solicitudes, e ata o esgotamento do crédito, resultaron un total de 116 solicitudes concedidas, é un total de 65 concellos sen subvención a causa do mencionado esgotamento do crédito.

A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao desenvolvemento das actuacións recollidas nos proxectos presentados polos concellos



que foron excluídos por esgotamento do crédito, ao ser todas iniciativas de relevancia na promoción do turismo nos seus respectivos concellos.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Frades unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

